

# Ás que levamos dentro

*Na firmeza das palabras*



MARGA ROMERO

**E**scoración dos días de Rafa Villar é o máis recente Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, un certame literario xa consolidado no panorama literario en homenaxe ao poeta da *Gramática do silencio*. Rafa Villar é un poeta da Xeración dos 90, que foi cofundador do “Batallón Literario da Costa da Morte” que forneceu á literatura galega de novas voces poéticas como Mónica Goñez Silva ou María Lado. Rafa Villar que botaba a andar con *Liques da memoria* e que nos sorprende co seu bo facer poético no libro *Casa ou sombra* (1997), ofrécenos agora un poemario que transita polo navegar da creación, unha travesía poética na que o mar se converte na orixe e no remate. Mar medieval onde regresa o cervo para fechar un círculo, mar do eterno retorno e mar de Manuel Antonio. Mar como sinónimo de poética onde vai escorando a vida, nave que escora ou que se vai apontoando no devalar dos días. Libro fermoso construído coas palabras que conforman, sen dúbida, os ideoloxemas fundamentais da creación do autor:

Mar, horizonte, futuro, utopía, nación, historia, patria... entre outras. A voz individual fúndese nun nós, no que o “territorio” deixa marcas, onde o “horizonte” fica nos nosos dedos ou onde a

“esperanza” fica nas “as que levamos dentro”.

Poemas que son en realidade un só poema, no que a palabra vai enredándose no novelo da travesía no que: “A nación / emerxe esgazada / das retinas da memoria”, poema construindo unha estrutura perfecta con palabras que se encabalgan formando unha

unidade que vai transitando de páxina en páxina. Mar e barca, navegación da colectividade á que pertence o eu poético, que non esquece, a historia que “resulta sempre / un naufraxio esquecido / que alguén comeza a escribir / con tinta seca”. Libro que é autopoética ou razón poética, fermoso, que leva dentro moito amor, quizais por que o amor tamén “esgaza / como esgaza a morte / maldita”. Escoración dos días é un libro co que podemos gozar coa brevidade e firmeza das palabras, ningunha está de mais e onde os silencios, que se mesturan entre os versos, evocan sensacións que todos e todas temos nas nosas travesías e nas nosas soidades. *Escoración dos días* vai acompañado de fermosas ilustracións de Virxilio que se funden no texto dos días entre o futuro e a fatiga que “esparexe as súas follas secas / sobre os corpos”. En *Escoración dos días*, “o poema / felinamente sucede”.

